

CEIP MANUEL MASDÍAS
FERROL

PROXECTO EDUCATIVO



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN. MARCO LEGAL

2. ESTUDIO E ANÁLISE DO CONTEXTO. ONDE ESTAMOS?

- 2.1. CONTEXTO SOCIOXEOGRÁFICO
- 2.2. DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO
- 2.3. ESTRUCTURA E ELEMENTOS MATERIAIS
- 2.4. EQUIPAMENTO
- 2.5. CENTROS ADSCRITOS
- 2.6. HORARIO E OFERTA EDUCATIVA
- 2.7. UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO
- 2.8. PERSONAL DOCENTE E NON DOCENTE
- 2.9. ALUMNADO

3. COMO NOS ORGANIZAMOS

4. TRAZOS DEFINIDORES DO CENTRO. QUEN SOMOS?

- 4.1. SINAIS DE IDENTIDADE
- 4.2. A NOSA LINGUA NA ESCOLA
- 4.3. LIÑA METODOLÓXICA

5. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO. QUE PRETENDEMOS?

- 5.1. ÁMBITO PEDAGÓXICO
- 5.2. ÁMBITO INSTITUCIONAL E ADMINISTRATIVO
- 5.3. ÁMBITO HUMANO

5. PRIORIDADES DE ACTUACIÓN A NIVEL DE CENTRO

6. PRIORIDADES DE ACTUACIÓN DAS DINAMIZACIÓNS

7. CRITERIOS PARA O AGRUPAMENTO DO ALUMNADO

8. MEDIDAS ORGANIZATIVAS E PEDAGÁXICAS PARA O PERÍODO ADAPTACIÓN EN E. INFANTIL.

9. CRITERIOS XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

10. ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS

11. AVALIACIÓN DO PE COA SÚA TEMPORALIZACIÓN. DIFUSIÓN DO PE

12. ANEXOS

1. INTRODUCCIÓN

O Proxecto Educativo é o principal documento oficial do centro a ter en conta en todo momento e do que derivan todas as actuacións relacionadas coa vida da Escola.

O seu fundamento lexislativo está recollido no Decreto 374/1996 do 14 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria onde establece que estes centros deben elaborar un Proxecto Educativo de Centro.

Este Proxecto pretende ser o documento de referencia onde se explique cal é a realidade do centro e que é o que este pode e debe ofrecer á Comunidade Educativa (alumnos/as, profesores/as, pais/nais...) en xeral. Constitúe, ademais, unha síntese das pautas de funcionamento e actuación que debe seguir dita Comunidade e o cauce de participación dos diversos sectores implicados na labor educativa.

O Proxecto Educativo débese considerar un documento inacabado e suxeito ás variacións ou modificacións que se consideren necesarias, en función das achegas dos distintos axentes da Comunidade Educativa, en base ao maior consenso posible e a ser aceptadas polo Consello Escolar.

Este documento marca a personalidade do centro, os principios de identidade, os obxectivos básicos, a liña pedagóxica e o modelo de organización e funcionamento. Debe, polo tanto, ser coñecido por todos os membros da Comunidade Educativa, e levaranse a cabo as actuacións que se consideren oportunas para a súa difusión.

O Proxecto servirá de base para a elaboración das diferentes programacións e completárase con outros documentos de xestión que se relacionan no último epígrafe.

2. ESTUDO E ANÁLISE DO CONTEXTO. ONDE ESTAMOS?

2.1 CONTEXTO SOCIOXEOGRÁFICO

O barrio de Caranza amosa unhas características singulares dende o punto de vista socioeconómico e cultural que teñen, inevitablemente, o seu correspondente na vida escolar.

Trátase dun barrio de relativamente recente constitución, asentado sobre un espazo previamente case deshabitado, aínda que tradicional de Ferrol, no que, sobre unha superficie territorial relativamente reducida, se dispuxo a construción de grandes edificios de moitas vivendas e case sen espazos de lecer nin servizos axeitados, para albergar unha poboación de ó redor de vinte mil habitantes; é dicir, case unha terceira parte da poboación do concello de Ferrol.

A poboación que se veu asentando no barrio foi moi heteroxénea: traballadores e traballadoras, fundamentalmente do sector naval, procedentes en primeira ou segunda liña do medio rural ou do derrubado barrio ferrolán de Esteiro, poboacións de etnias minorizadas, e mesmo profesionais das clases medias ou medias altas (enxeñeiros, médicos, militares,...) que se asentaron en edificios de cooperativas.

Contou o barrio dende o seu comezo cun forte asociacionismo, fundamentalmente no ámbito da Asociación de Veciños, e das culturais e deportivas, que teimou duramente para conseguí-los servizos e os espazos necesarios para constituír un lugar habitable e mesmo acolledor. Ó longo destes anos foise conseguindo, aínda que quedan cousas por facer e o labor non está rematado.

Sen embargo, esa heteroxeneidade da poboación, por estatus e por procedencia, impediu que o barrio tivese un asentamento cultural (entendido

este no máis amplo e fundamental sentido da palabra), dándose a circunstancia de que ás novas xeracións nadas no barrio non se lles transmitiron as raíces culturais (de xeito salientable, a lingua) que os máis maiores posúen, e presentan unha certa alienación cultural e unha escasa presenza de valores en moitos casos que, unida á recorrente crise económica e ás conseguíntes situacións de falta de traballo, dificultan enormemente a intervención escolar e crean con certa frecuencia situacións de conflito social.

Unha das eivas importantes, que tamén ten a súa tradución na escola, é a baixa presenza, e xa que logo actividade, dos servizos sociais do concello, atopándonos con que moitas problemáticas escolares derivadas de situacións de conflitos familiares ou situacións de desamparo, non son atendidas convenientemente. Resulta imprescindible o podermos contar con persoal de traballo social que sirva de ponte e dirección naqueles casos de forte desestruturación familiar ou outras problemáticas que inciden de xeito moi notable na intervención educativa.

O barrio ten, non obstante, unha saúde de ferro e sabe xuntarse para demandar cando é necesario, e tamén sabe festexar e divertirse en múltiples ocasións ó longo do ano, a través de celebracións e festas nas que se fai presente o sentido comunitario e a firme decisión de procurar que vaia collendo o pouso necesario para atinxir unha personalidade propia coas raíces na terra.

2.2 DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO


Código da localidade	15406
Código do centro	15021834
C.I.F.	Q-6555402-D
Teléfonos	Conserxería 881938378 Secretaría 881938375 Xefatura 881938376 Dirección 881938377
Fax	881938379
E-mail	<u>ceip.manuel.masdias@edu.xunta.gal</u>
web	<u>http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelmasdias</u>
Facebook	<u>https://www.facebook.com/ceipmanuelmasdias</u> <u>!</u>

2.3. ESTRUCTURA E ELEMENTOS MATERIAIS

O centro conta cun edificio principal, que alberga as 3 unidades educación infantil, as 3 unidades de educación primaria e os servizos comúns. No exterior dispónse dun amplo espazo verde, case completamente plantado de árbores e plantas, de xardíns e horto escolar.


Tamén se conta cun pavillón polideportivo cuberto con dúas pistas e un pequeno almacén.

Planta baixa




- | | | | |
|-----------------------|---------------------------|-----------------------------|--------------------------------------|
| 1. Entrada cuberta. | 9. Sala de profesores/as. | 17. Corredor oeste. | 25. Conserxaría. |
| 2. Entrada principal. | 10. ANPA. | 18. Sala de usos múltiples. | 26. Corredor sur. |
| 3. Vestíbulo. | 11. Xefatura de estudos. | 19. Almacéns. | 27. Aula 5 anos. |
| 4. Corredor leste. | 12. Secretaría. | 20. Sala de caldeiras. | 28. Aula 4 anos. |
| 5. Biblioteca. | 13. Servizo público. | 21. Servizos nenos. | 29. Aula 3 anos. |
| 6. Aula Apoio A.L. | 14. Servizo minusválid@s. | 22. Servizos nenas. | 30. Servizos ed. Infantil. |
| 7. Sala de xuntas. | 15. Sala de limpeza. | 23. Duchas nenos. | 31. Vestíbulo e acceso ed. Infantil. |
| 8. Dirección. | 16. Almacén. | 24. Duchas nenas. | 32. Escaleiras norte. |
| | | | 33. Escaleiras sur. |

Planta primeira



- | | |
|---------------------------|------------------------------|
| 34. Corredor leste. | 43. Servizos nenas. |
| 35. Grupo 1 Ed. Primaria. | 44. Servizo profesoras. |
| 36. Grupo 2 Ed. Primaria. | 45. Corredor oeste. |
| 37. Grupo 3 Ed. Primaria. | 46. Grupo 6 Ed. Primaria. |
| 38. Grupo 4 Ed. Primaria. | 47. Aula de apoios PT. |
| 39. Aula de Inglés. | 48. Aula ampliación comedor. |
| 40. Almacén. | 49. Comedor. |
| 41. Servizo profesores. | 50. Grupo 5 Ed. Primaria. |
| 42. Servizos nenos. | 51. Escaleiras sur. |
| | 52. Escaleiras norte. |

Planta segunda



- | | |
|-----------------------------------|---|
| 53. Corredor leste. | 62. Servizos nenas. |
| 54. Aula de apoios P.T. | 63. Servizo profesoras. |
| 55. Almacén de mobiliario. | 64. Corredor oeste. |
| 56. Aula de Relixión evanxélica. | 65. Aula de Informática. |
| 56B. Aula de Relixión católica. | 66. Aula Coñec. Medio (Sociais) e audiovisuais. |
| 57. Aula Miguel Varela (Leticia). | 67. Aula de apoios EX. |
| 57B. Departamento de Orientación. | 68. Aula Coñec. Medio (Naturais). |
| 58. Aula de Música. | 69. Aula de Plástica. |
| 59. Almacén. | 70. Escaleiras sur. |
| 60. Servizo profesores. | 71. Escaleiras. Norte. |
| 61. Servizos nenos. | |

2.4. EQUIPAMENTO

Actualmente o centro no referente as TIC no ensino, seguimos a facer as xestións necesarias para dotar ao noso centro dos recursos audiuisuais, informáticos e tecnolóxicos que favorezan o traballo nas aulas, sirvan de apoio a labor educativo e permitan a participación activa nas redes das novas tecnoloxías. Contamos con:

- Pantallas dixitais en todas as titorías.
- Un ordenadores por aula (un portátil ou sobremesa).
- Un portátil por alumno/a en 5º e 6º (5º Aula Edixgal, 6º aulas Abalar)
- Un equipamento de 2 ordenadores na biblioteca
- 4 Ordenadores de administración e 1 de biblioteca

Na Programación Xeral Anual especificarase, ao comezo de cada curso, os profesores/as responsables destes recursos, os cales disporán de tempo específico de dedicación dentro do horario persoal e co fin de rentabilizar a utilización tanto dos espazos como dos materiais de forma que se beneficie toda a comunidade educativa.

O uso dos diferentes espazos e dependencias do centro está regulado no NOF do centro

2.5. CENTROS ADSCRITOS

O centro está adscrito ao IES Carballo Calero, situado enfronte do noso colexio.

2.6. HORARIO E OFERTA EDUCATIVA

HORARIO ALUMNADO

Horario de clase de 9:00 a 14:00 de luns a venres.

O centro oferta, a través do Concello de Ferrol un servizo de comedor, tanto en horario de almorzos (7:30 a 9:00) como en horario de xantar (de 14:00 a 16:00 h)

Tamén se oferta un programa de actividades extraescolares gratuítas (en colaboración co Concello de Ferrol). Seis actividades gratuítas que se desenvolven en horario de 16:00 a 18:00 e que poden variar en función da análise que delas realiza o Consello Escolar do Centro.

O centro oferta cada curso actividades complementarias que figuran detalladas na PXA, orientándose fundamentalmente ao coñecemento da contorna e a actividades culturais.

HORARIO PROFESORADO

O profesorado ten o seu horario lectivo de 9:00 a 14:00 horario .

Os martes de 16:00 a 19:00 (reunións, atención pais/nais, titorías ..)

Un día a semana, cada 15 días, de 16:00 a 18:00 (garda de biblioteca e supervisión actividades extraescolares) a determinar na PXA.

ORGANIZACIÓN DAS AULAS

En relación á oferta educativa, o centro conta cunha liñas tanto en E. Infantil como en E Primaria cunha ratio máxima en Ed. Infantil de 23 alumnos/as e de 25 en primaria.

As aulas de Infantil (planta baixa) permanecen fixas para 3, 4 e 5 anos polo que a súa dotación non cambia de clase pero si o fan os alumnos/as.

En primaria (primeira planta) hai clase para 1º e 2º, para 3º e 4º e para 5º e 6º.

Actualmente o centro está integrado nos seguintes plans:

- PLAMBE (biblioteca)
- Plan Proxecta (Xogade)
- Contrato – Programa
- Plan de Natación Escolar.
- Plan de Xadrez na escola.
- Grupos interactivos
- Proxecto Abalar
- Proxecto Edixgal

Cada ano valórase a necesidade de participar en Erasmus+ PFPP ...

2.7. UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

A regulación de uso das instalación consta en diversos documento (NOF, Normas uso Biblioteca, Normas uso comedor)

2.8. PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE

2.8.1. Persoal docente

O centro ten unha liña de o catálogo de postos de traballo, tal como establece a normativa, está completo con todos os postos de traballo cubertos.

Nº PROFESORADO-ESPECIALIDADE ETAPA EDUCATIVA

Unidades de Ed. Infantil	3
Profesorado Ed. Infantil	4
Unidades de E Primaria	6
Profesorado Ed. Primaria	5
Profesorado Ed. Física	1
Profesorado de Música	1
Profesorado Inglés	1
Profesorado Francés	1
Profesorado PT	1
Profesorado AL (c)	1
Orientación (c)	1
Relixión Evanxélica (c)	1
Relixión Católica (c)	1

2.8.2. Persoal non docente

O centro conta con tres persoas nomeadas como persoal non docente:

- 1 conserxe
- 2 coidadoras

Ademais destas persoas tamén hai outras que prestan distintos servizos no centro.

- 2 persoas que atenden o servizo de comedor (almorzo e xantar).
- 1 Persoa do Plan Xadrez Escolar
- 3 persoas de limpeza.
- Monitores/as de actividades extraescolares
- Voluntarios/as do proxecto de grupos interactivos

Este persoal non docente ten asignado un horario e unhas normas que están recollidas no NOF ou na PXA.

2.9. ALUMNADO

O alumnado do centro ronda os 160 alumnos aproximadamente, con 45 en E. Infantil e 115 en E. Primaria.

A ratio está nunha media de 17 alumnos/as por aula.

Os reforzos educativos faranse, por regra xeral, dentro da aula, seguindo o criterio establecido polo titor/a, o especialista de Pedagogía Terapéutica e os outros profesores que van a prestar o apoio a esa aula, tendo en conta as directrices do Departamento de Orientación.

3. COMO NOS ORGANIZAMOS



4. TRAZOS DEFINITORIOS DO CENTRO. QUEN SOMOS?

4.1. SINAIS DE IDENTIDADE

O CEIP Manuel Masdías realiza unha oferta educativa de carácter global e pública, xa que logo gratuíta, para @s nen@s dende o comezo do segundo ciclo de educación infantil (3 anos) ata o remate da educación primaria (12 ou 13 anos). O noso alumnado terá garantida a praza para a Educación Secundaria Obrigatoria no IES Carballo Calero.

Os trazos que nos definen son:

Participación: No noso centro todos os sectores da comunidade educativa teñen garantida a súa participación real e efectiva no deseño e funcionamento do centro, na elaboración e revisión do seu proxecto educativo, regulamentos, presupostos..., a través dos diferentes órganos de representación e do contacto titorial diario para o alumnado, semanal para as

nais e os pais, e trimestral para as asembleas de aula. Ademais da participación lúdica nas festas e actividades de carácter cultural que se celebran ao longo do curso escolar.

Ao mesmo tempo abrimos as nosas portas a toda a comunidade para que participen dun xeito activo no proceso aprendizaxe do noso alumnado, convencidos de que a relación alumn@-profesor@ non debe ser a única que se estableza e que canto maior sexan as relación de aprendizaxe máis rico e duradeiro será este. Así pois poñemos en funcionamento programas que faciliten esa participación tales como: Helpers e Grupos interactivos

Pluralismo: No noso centro non existe discriminación ningunha, nin por razón de etnia, nin de lingua, nin de crenzas relixiosas, nin de ningunha outra caste, consonte cos valores democráticos que postulamos. Por iso procuramos e garantimos o máximo respecto e consideración a todas as persoas.

Convivencia: Baseamos a convivencia no respecto mutuo e na resolución de conflitos de maneira educativa, e de mediación entre iguais coa posta en práctica dos principios básicos da comunicación, da explicitación de normas e do cumprimento das mesmas.

Transparencia: Consonte co principio de participación, todos os sectores da comunidade educativa están informados e poden acceder a calquera información relacionada co centro (proxectos curriculares, criterios de avaliación, regulamentos...), coa única excepción da imprescindible confidencialidade en cuestións de índole persoal.

Aconfesionalidade: Consonte co antedito, o noso centro é aconfesional, sen prexuízo do respecto ás crenzas e do cumprimento do contemplado nas leis tocante á impartición de clases de diferentes relixións nos centros educativos.

Coeducación: Queremos unha educación non sexista, que respecte e potencie os valores da persoa con independencia do seu sexo ou de calquera

outro parámetro discriminatorio. Procuramos que isto estea presente transversalmente en todas as nosas actividades e nas linguaxes empregadas.

Inclusión: Resulta fundamental a integración de tod@s na escola, como medio que reproduce a sociedade actual no seu conxunto, onde as capacidades de cada un e cada unha poidan ser desenvolvidas de forma acaída, con axudas recíprocas e solidarias.

Compensación: Sabedores e sabedoras das diferentes situacións e posibilidades sociais e económicas que teñen @s nos@s nen@s, procuramos compensalas na medida dos nosos medios e con todos os nosos esforzos, por medio dos nosos propios recursos ou xestionando recursos alleos.

Inserción no medio: Somos de Caranza, e dende esa perspectiva pretendemos unha inserción no noso contorno máis próximo e, dende el, irmos ó coñecemento de medios máis amplos (Ferrol, Ferrolterra, Galicia, España, Europa e o mundo...). Para iso contamos, entre outros recursos, cun plano de saídas escolares debidamente programado e secuenciado para toda a permanencia no centro (tres por curso, como mínimo). Colaboramos tamén con algunhas entidades do barrio en diferentes iniciativas.

Normalización lingüística e cultural: Somos dun país que conta cunha lingua propia e milenaria, que debemos levar á situación de normalidade no uso que lle corresponde. Do mesmo xeito ocorre coa nosa cultura tradicional e actual.

Esa lingua e esa cultura tradicional están presentes aínda de xeito moi especial nos avós e nas avoas do barrio e constitúen as raíces do noso pobo, imprescindibles para, asentándonos nelas, sermos capaces de construír o noso mundo con personalidade. Por iso contamos cun plano de normalización lingüística, que se vén levando a cabo dende hai anos de maneira satisfactoria, e con actividades culturais diversas ao longo de todo o curso.

Metodoloxías renovadoras: Procuramos empregar unha metodoloxía que integre métodos axeitados segundo sexan pertinentes en razón das áreas, idades...; construtiva, é dicir, que permita a construción das súas aprendizaxes por parte d@s alumn@s; participativa e activa.

Fomentamos a introdución de novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), podendo salientar que, o noso centro é un centro Abalar (5º e 6º) e que todas as clases, agás a de tres anos, contan cun encerado dixital. Toda a rede do centro está conectada mediante unha intranet e con acceso a internet.

Avaliación: A avaliación forma parte de todos os procesos que se levan a cabo no centro de xeito participativo; non só no tocante ao alumnado, co que se procura que sexa educativa, senón tamén da propia intervención e, en xeral, de todos os aspectos da vida escolar.

Éxito e alegría: Pretendemos que @s nos@s nen@s saian para diante con éxito en calquera das outras etapas educativas que realicen, nomeadamente na (ESO); e, sobre todo, que o consigan sendo felices no seu colexio.

4.2. A NOSA LINGUA NA ESCOLA

Consonte coas liñas de identidade do centro contempladas no PE, coa xa dilatada historia en relación coa normalización lingüística do galego e co obxectivo de acadaren os nenos e as nenas a competencia necesaria nas dúas linguas oficiais, dado o evidente desequilibrio que existe entre elas no noso ámbito, cun uso moi baixo do galego, determínase que a lingua galega será a oficial no centro -sen prexuízo da atención debida á outra lingua oficial-, e preténdese o obxectivo de que sexa a lingua normal de uso de toda a comunidade.

Para a consecución deste obxectivo, seguindo o estipulado no Proxecto lingüístico do centro, adóptanse as seguintes directrices:

1º) Áreas impartidas en lingua galega como lingua vehicular:

- No nivel de 3 anos, o ensino realizarase na lingua familiar dos nenos e nenas. Caso de non ser esta a galega, introducíranse os mecanismos necesarios para que, no terceiro período dese curso, se poidan desenvolver as clases en lingua galega.

- Nos niveis de 4 e 5 anos, o ensino desenvolverase en galego.

- Educación Primaria: ensino en galego, agás a área de lingua castelá., matemáticas as e inglés

2º) A impartición en galego supón que esta lingua debe ser a utilizada polo profesorado e polo alumnado nas áreas aludidas, tanto oralmente coma por escrito.

3º) A efectos de que o alumnado non perciba unha ritualización da lingua galega, cómpre que as actitudes lingüísticas do profesorado, tanto nas clases coma nas outras relacións do centro, se realicen en galego.

4º) Realizaranse as comunicacións e, en xeral, todas as actuacións burocráticas de carácter oficial, tanto internas coma externas, en lingua galega.

5º) As actividades complementarias e/ou extraescolares que se realicen no centro co seu alumnado desenvolveranse igualmente en lingua galega.

6º) Participarase dun xeito activo nas actividades que fomenten o uso da Lingua.

4.3 LIÑA METODOLÓXICA

Será unha metodoloxía activa, inclusiva, participativa, tendo en conta a atención personalizada, a transversalidade, a socialización, a interdisciplinariedade, a globalización e a aprendizaxe significativa.

O colexio entenderá ó alumnado como construtor da súa aprendizaxe.

Trátase de axudar ó/á neno/a na adquisición de coñecementos que logo saiba aplicar en diversas circunstancias, e tamén a utilizar os novos saberes na consecución doutros aprendizaxes. É dicir, que aprenda a aprender.

Concíbese a actuación do profesorado non só como instrutor, senón como orientador e facilitador da aprendizaxe respectando os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

Respectarase as necesidades específicas e o ritmo de maduración de cada alumno/a tendo en conta o seu desenvolvemento intelectual, emocional e adaptación social.

Prestarase especial atención en detectar as dificultades de aprendizaxe do alumnado poñendo en práctica os mecanismos de reforzo o máis pronto posible, así como, especial énfase na atención á diversidade. Darase un tratamento especial á lectura e a expresión oral e escrita dado que constitúen un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave.

5. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO. QUE PRETENDEMOS?

Consideramos imprescindible unha educación en valores, de carácter comprensivo e que poña @s nen@s en disposición de saberen analizar criticamente o medio no que se desenvolven, de adaptárense a novas

situacións descoñecidas e de transformaren o seu mundo cos valores adquiridos.

Así que os obxectivos fundamentais é conseguir que sexan libres, participativ@s, crític@s, transformadores/as, creativ@s, cult@s, instalad@s no seu país e solidari@s.

5.1. ÁMBITO PEDAGÓXICO

- Conseguir que o alumnado acade os obxectivos xerais da etapa.
- Potencia-lo desenvolvemento das habilidades básicas de observación, experimentación, asimilación e expresión atendendo ao estado evolutivo dos nenos/as.
- Fomenta-lo tratamento dos temas transversais (E.Saúde, E. M.Ambiental, E.Viaria, E.Consumo, Educación para a Paz...) como parte integrante da nosa actividade diaria.
- Potenciar unha educación baseada no diálogo, a cooperación e a tolerancia, non sexista que vaia máis aló da simple coeducación.
- Capacitar os alumnos para que ó final da ensinanza primaria alcancen o nivel axeitado nas áreas instrumentais básicas.
- Proporcionarlle ós nosos alumnos unha adecuada orientación persoal e escolar, mediante un sistema adecuado de titorías.
- Interrelacionar os diferentes contidos curriculares para que o noso alumnado adquira un grao de desenvolvemento axeitado nas diferentes competencias.
- Promover hábitos de lectura no alumnado fomentando o uso da biblioteca e a hora de ler.

- Potenciar a utilización das TICS como recurso didáctico de gran importancia nestes tempos.
- Dar os pasos necesarios para implantar o traballo por proxectos e colaborativo en todos os niveis escolares.
- Apostamos por unha Escola aberta, rica en aprendizaxes fóra da aula, valorando positivamente as saídas á contorna e as saídas culturais que presidirán unha boa parte da formación do noso alumnado. Unha escola integrada no medio, capaz de relacionarse positivamente con toda a Comunidade (pais, organizacións culturais, Concello...), tratando de aproveitar a maior cantidade dos recursos educativos e humanos que nos ofertan estes medios, potenciando a colaboración de toda a comunidade escolar no proceso ensino aprendizaxe (Grupos interactivos, Helpers ...)
- Procurar a diagnose temperá do alumnado con NEAE cara unha mellor atención educativa.
- Atender á diversidade do noso alumnado respectando o ritmo de aprendizaxe, capacidades e circunstancias persoais de todo o alumnado, axeitando a nosa acción educativa a tal fin (Adaptacións Curriculares, Reforzo Educativo...)
- Potenciar as iniciativas que promovan e propicien a innovación educativa.

5.2. ÁMBITO INSTITUCIONAL E ADMINISTRATIVO

- Promover a coordinación docente e a participación de todos os membros da comunidade educativa na vida do centro, facilitándolles canles de información, participación e de xestión.
- Rentabilizar ao máximo os recursos económicos do centro coa participación de todos os estamentos.
- Organizar adecuadamente os espazos do centro procurando mellorar as súas instalación, as dotacións de material e de equipamentos para aproveitar ao máximo os recursos dispoñibles.
- Promover a formación permanente do profesorado a través da organización de cursos, seminarios, grupos de traballo, PFPP, Erasmus etc; a partir das necesidades observadas no centro.
- Favorecer as relacións de colaboración e coordinación coa Escola de Ed. Infantil A Galiña azul de Caranza : e co IES Carballo Calero o que está adscrito o noso centro.
- Elaborar un programa saídas escolares de 3 anos a sexto de Primaria
- Establecer relacións de colaboración con toda a comunidade educativa e con outras institucións, tanto educativas como sociais, culturais, etc.
- Favorecer o uso das instalación do centro para o desenvolvemento de actividades culturais e deportivas.
- Favorecer a relación do centro coa ANPA para tratar temas que incidan no proceso educativo.

5.3. ÁMBITO HUMANO.

- Respetar e valorar as calidades persoais de cada un dos membros da comunidade educativa (alumnado, profesores, coidador/a, conserxe, titores/as, persoal non docente, pais/nais), así como as súas aportacións á comunidade educativa a partir desa individualidade.
- Conseguir un entorno acolledor, que posibilite un ambiente de traballo responsable e solidario que favoreza a realización persoal.
- Establecer un marco de convivencia baseado no NOF e no Plan de Convivencia que permita a todos os membros da comunidade educativa facer uso dos seus dereitos sen esquecer as súas obrigas.
- Fomentar a responsabilidade, o respecto, a orde, o esforzo, o traballo colaborativo como eixes fundamentais do proceso educativo.
- Realizar actividades ou proxectos, que axuden á toma de conciencia das agresións que sofre o noso entorno e ao compromiso na súa defensa e mellora.
- Fomentar os valores de tolerancia como xeradores dunha boa convivencia, respecto, liberdade, solidariedade, compañerismo...
- Favorecer a coeducación e a atención á diversidade no que non se produza discriminación algunha por razón de sexo, diversidade (física ou psíquica) raza, relixión, etc.
- Velar pola seguridade do centro , promovendo a súa formación no eido da autoprotección e avaliación de riscos.

6. PRIORIDADES DE ACTUACIÓN A NIVEL DE CENTRO

Establecemos como líneas prioritarias de actuación a nivel de centro as seguintes:

Mellora das competencias lingüística e matemática prestándolle especial atención a:

COMPETENCIA LINGÜÍSTICA COMPETENCIA MATEMÁTICA

- Comprensión lectora
- Expresión oral
- Expresión escrita
- Cálculo
- Resolución de problemas
- Razoamento lóxico matemática

É imprescindible favorecer a coordinación entre niveis e etapas para seguir unha mesma liña que non cree no alumnado problemas engadidos

Atención ao alumnado con dificultades da aprendizaxe

Priorizando os apoios en aula durante as materias instrumentais.

Establecer horarios que permitan que os coordinadores de TICS, ENDL, Biblioteca e Actividades complementarias e extraescolares dispoñan de tempo para realizar as **dinamizacións** destas comisións, xa que se consideran fundamentais para o desenvolvemento da actividade lectiva do centro.

7. PRIORIDADES DE ACTUACIÓN DAS DINAMIZACIÓNS

7.1 PRIORIDADES DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA

As liñas prioritarias de actuación da biblioteca do centro seguirán a ser:

- Transformar a biblioteca escolar nun centro de recursos integrado plenamente nas prácticas educativas de aula e do centro, coa finalidade de informar, formar e entreter.
- Apoiar e acadar os obxectivos do PE e do Proxecto Lector.
- Fomentar nos nenos/as o hábito e o pracer da lectura, a aprendizaxe e a utilización das bibliotecas ao longo de toda a súa vida.
- Proporcionar un continuo apoio ao programa de ensino-aprendizaxe e a impulsar o cambio educativo.
- Posibilitar o traballo por proxectos: ampliar os fondos documentais, promover as subscricións a publicacións (xornais, revistas...), crear hábitos de consulta e manexo da información... en distintos soportes, dixitais, impresos...
- Favorecer a lectura e potenciar o hábito lector: fomentar actividades para coñecer escritores e ilustradores, campañas de fomento da lectura con sesión de contacontos e exposicións realizadas no centro, mochila viaxeira, plan de apadriñamentos lectores ...
- Manter actualizado a sección da biblioteca na páxina web do centro e no seu blog coas distintas propostas, actividades realizadas, as cartas da mascota, os videocontos, enlaces a webs de interese, actualidade relacionada coa biblioteca escolar...

- Identificar os fondos documentais cos pictogramas para facilitar a localización dos mesmos e acercalos aos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais e aos procedentes doutros países. Facer da biblioteca un lugar para todos e todas.
- “Sacar” a biblioteca do propio espazo lector promovendo actividades que impliquen que o alumnado conciba a lectura como un feito da vida cotiá. (recunchos de lectura informal, apadriñamentos lectores, carro de lecturas nos recreos ...)
- Manter a nosa mascota como fío condutor participando, promovendo e colaborando nas distintas actividades que se planean ao longo do curso no centro.

7.2 PRIORIDADES DE DINAMIZACIÓN DAS TICS

As prioridades fundamentais que se contemplan poderíanse resumir en:

- Incorporación das TICS ao proceso de ensino-aprendizaxe, como un recurso máis.
- Adquisición de coñecementos e habilidades para o seu uso nas contornas de aprendizaxe, familiares e de lecer.
- Competencia dixital do alumnado e profesorado.
- Dotar a todas as aulas de encerados dixitais.
- Posibilidade de dotar ao centro dun numero importante de tabletas con carro de carga que permita movela entre as aulas que as precisen

7.3 PRIORIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

- Promover a análise crítica mediante a información argumentada para vencer prexuízos existentes cara ao galego e para promover actitudes favorables á galeguización da escola.
- Sensibilizar as familias para que transmitan o galego aos fillos/as e que a lingua galega se use nas interaccións familiares. Guíalos sobre as vantaxes de que os nenos/as coñezan a lingua galega, así como da conveniencia de que a adquiran de forma temperá, como mellor garantía para que se instalen nela de xeito adecuado e poidan despois acceder a outros idiomas.
- Promover a creación dun ambiente que favoreza a convivencia lingüística na vida cotiá do centro.
- Fomentar o galego oral, coa creación de novos ámbitos de uso frecuente que favoreza a utilización da lingua dentro e fóra das aulas.
- Incentivar ao alumnado procedente do estranxeiro e ás súas familias cara ao achegamento á nosa lingua e ao coñecemento da realidade sociocultural galega.
- Colaborar con entidades culturais, asociativas, recreativas e deportivas, para favorecer o emprego da lingua galega e mellorar a súa valoración social.
- Promover o interese e a curiosidade por outras linguas e culturas distintas da propia e fomentar actitudes de respecto cara aos seus falantes.

8. MEDIDAS ORGANIZATIVAS E PEDAGÓXICAS PARA O PERÍODO DE ADAPTACIÓN EN E. INFANTIL.

- A duración será axustada á Orde do calendario escolar que regula cada curso académico.
- En función do número de alumnado faranse quendas de permanencia no centro de aproximadamente unha hora.
- Todos os días os alumnos/as acudirán ao centro o tempo que dure o período de adaptación.
- Durante ese período o/a profesor/a de apoio estará exclusivamente na clase de 3 anos.
- Durante o tempo que dure a adaptación os especialistas acudirán (cando lles corresponda) á clase de 3 anos para irse familiarizando cos alumnso/as

9. CRITERIOS XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Criterios xerais sobre a avaliación

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global e terá en conta o seu progreso na adquisición das competencias básicas.

Estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno/a non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo que se adoptarán en calquera momento do curso e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanzas e a propia práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

O centro adoptarán as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliábeles, as estratexias e instrumentos de avaliación e os criterios de promoción.

O centro docente, aínda que rexeita totalmente as probas de avaliación en terceiro e en sexto, informará ás familias de cando se van celebrar as probas e preparará todo o necesario para que se podan realizar.

Os procedementos e instrumentos que imos a utilizar para a avaliación serán os seguintes:

- Observación sistemática: escalas de observación, rexistro persoal e diarios de clase.
- Observación e análise das producións do alumnado: traballo, cadernos, producións orais e escritas, producións plásticas, recitacións, resumes, esquemas, habilidade para buscar información...
- Probas específicas: obxectivas, test, resolución de tarefas, exposición dun tema, cuestionarios, sinxelas monografías ...
- A participación, a actitude, o interese ...

- Postas en común, debates, diálogo, entrevistas ...
- Autoavaliación e coavaliación.
- Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente.

Para a avaliación de ensino e da práctica docente utilizaremos instrumentos, tales como:

- Estudo dos resultados do proceso da aprendizaxe do alumnado que se realizará ao remate de cada curso e que estará reflexado numericamente en porcentaxes en gráficos e escalas comparativas con outros cursos.
- Valoración das reunións xerais, de ciclo, de nivel e individualizadas dos pais co profesorado.
- Cuestionarios aos alumnos e aos pais sobre o noso labor docente.

Avaliación das programacións de aula

Para que o proceso de avaliación sexa completo teremos que ter en conta a valoración das nosas programacións. Polo tanto, avaliaranse indicadores tales como:

- O desenvolvemento da programación na clase.
- A relación entre os obxectivos e contidos programados.
- A adecuación dos obxectivos e contidos as necesidades reais do grupo e do alumnado.

- A metodoloxía empregada
- A adecuación dos medios e recursos empregados.

Criterios de promoción do alumnado

Un alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polo centro de acordo co establecido pola consellería de educación..

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

Un alumno/a poderá promocionar ó seguinte curso ou etapa sen superar os mínimos esixibles cando, por motivos pedagóxicos ou sociais, o titor/a e o equipo de ciclo así o considere.

Para a decisión sobre a promoción de etapa deberemos ter en conta os obxectivos mínimos.

Un alumno/a poderá promocionar a Secundaria sen acadar os obxectivos mínimos de etapa en dúas competencias sempre e cando non sexan matemáticas e lingua (galega ou castelán).

10. ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS

As programaciónns son os documentos nos que se planifica todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado, polo tanto a súa importancia é moi relevante.

A hora de programar (programación didáctica - curso) debemos contemplar os seguintes apartados:

- Introducción e contextualización
- Relación de estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís competenciais. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

- Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliados de:

Obxectivos e contidos desenvolvidos

Temporalización

Grao mínimo de consecución para superar a materia

Procedementos e instrumentos de avaliación

- Concrecións metodolóxicas da materia
- Materiais e recursos didácticos
- Criterios de cualificación e promoción do alumnado
- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

- Deseño de avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados.
- Medidas de atención á diversidade
- Actividades complementarias e extraescolares
- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora.

11. AVALIACIÓN DO PE COA SÚA TEMPORALIZACIÓN. DIFUSIÓN DO PE

Avaliación do PE coa súa temporalización

O PE é un documento amplo que marca o carácter propio e a personalidade do Centro no que se refire a todo o ámbito educativo, tanto a nivel organizativo e de xestión, como o docente-pedagóxico. Tamén define as súas notas de identidade.

É un documento que ten vocación de continuidade e estabilidade. Non é algo que necesariamente haxa que cambiar, pero si é susceptible de ser modificado cando a comunidade educativa o demande. Debe ser un documento flexible e aberto.

Polo tanto as valoracións e modificacións estableceranse cada curso escolar, e virán determinadas polos cambios normativos, polos resultados das avaliacións, por novos planteamentos, a raíz das propostas da maioría dos membros da Comunidade Educativa.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica nas súas reunións ordinarias revisará e valorará a conveniencia de realizar cambios puntuais neste PE. No caso de que se valore a conveniencia de realizar cambios significativos, presentaranse estes ante o Claustro e o Consello Escolar para a súa aprobación.

Medidas para a difusión do PE entre a comunidade educativa

-Facilitaráselle unha copia impresa a cada membro do Claustro e do Consello Escolar de cada un dos documentos que conforman o PE, cando o soliciten.

- Na dirección, secretaría, xefatura de estudos e en orientación haberá un exemplar con esta documentación a disposición de toda a comunidade educativa para a súa consulta.

- Na páxina web do centro estarán publicados os documentos elaborados que conforman o PE e abertos, para a súa consulta, a todos os membros da comunidade educativa.

- Na Reunión Xeral, que celebramos a principio de curso, farase entrega dun tríptico informativo coas normas e aspectos máis significativos do funcionamento do centro e ao mesmo tempo se lle facilitará a dirección web para que poidan consultar as novas e a información que poida ser de interese, así como á documentación. Tamén se lle informa nesta reunión que poden acceder a consulta de calquera documento do centro ou a unha copia do mesmo.

- Nos primeiros días de clase os titores recordaránlle ao alumnado as normas máis importantes que estarán recollidas no NOF e colocarse, en un lugar visible, unha copia das mesmas.

12. ANEXOS

FORMARÁN PARTE TAMÉN DESTE PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO OS SEGUINTES DOCUMENTOS DE XESTIÓN.

- **NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO – NOF**
- **CONCRECIÓN CURRICULAR**
 - **E, Infantil**
 - **1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º.**
- **PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL**
- **PLAN DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE**
- **PROXECTO LINGÜÍSTICO**
- **PLAN LECTOR**
- **PLAN T.I.C**
- **PLAN DE CONVIVENCIA**
- **PLAN DE AUTOPROTECCIÓN**

CONSELLO ESCOLAR

CERTIFICACIÓN. En reunión ordinaria do Consello Escolar do Centro, celebrada o día 29 de xaneiro de 2015, quedou aprobado o PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO que figura nas páxinas anteriores a esta certificación.

En Ferrol, a 29 de xaneiro de 2015

O Equipo Directivo

A Xefa de Estudos

A Secretaria

Asdo. Sandra López Suárez.

Asdo. Olga Lodeiro Malde

O Director

Asdo. Óscar González Montañés